



## NOTA INFORMATIVA SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO

### NORMATIVA REGULADORA

Orde do 12 de marzo de 2013, ( DOG 15 de marzo), na que se desenvolve o Decreto 254/2012 do 13 de decembro pola que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Nota informativa da Xefatura Territorial, sobre o proceso de admisión do alumnado para o curso 2016-2017. (Están á disposición da Comunidade Educativa na Secretaría do Centro.)

### ASPECTOS A TER EN CONTA:

1. Cada alumno só pode presentar una única solicitude no centro que solicite en primeiro lugar.
2. Xunto co impreso de solicitude deben presentar fotocopia do DNI dos pais e do alumno/a. Se non o ten, fotocopia do libro de familia da folla no que conste.
3. O alumnado ten garantida a permanencia no centro. Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá presentar copia da mesma, no centro de orixe.
4. O alumnado que ten reservada praza nun centro adscrito (1º de E. primaria e/ou 1º de ESO), se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar no centro de orixe a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.
5. A presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **1 ao 12 de abril**.
6. A publicación das listaxes provisionais de alumnas e alumnos admitidos e non admitidos: o **25 de abril**. Contra esta listaxe poderá formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Consello Escolar.
7. A publicación de listaxes definitivas de alumnos admitidos e non admitidos: **antes do 15 de maio**.
8. O **IPREM** correspondente ao ano 2014 está cifrado en **6.390,13€**. (Para calcular a renda per cápita deben sumar as casiñas da Declaración da Renda 430 + 445 se é conxunta, ou de ambas declaracións se é individual, e dividir entre o número de membros da unidade familiar) . A situación da unidade familiar é a correspondente ao 29 de febreiro de 2016.



9. Segundo o punto 4 do Artigo 14, da ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, sobre a Solicitud de Admisión: ***“No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitud de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.”***
10. Centro adscrito: IES LAXEIRO.
11. As letra que saíron no sorteo en caso de empate no baremo este ano foron “H”- “C”, para o primeiro apelido, e “E”- “A” para o segundo apelido.
12. Área de influencia: plano adxunto.
13. Este Centro oferta servizo de comedor, regulado polo *DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*
14. **O prazo para formalizar a matrícula: Do 20 ao 30 de xuño.**
15. **Criterio complementario establecido por este Centro aprobado polo Consello Escolar:**  
  
1 punto por zona de influencia do domicilio familiar.

Lalín, a 29 de febreiro do 2016.

CEIP MANUEL RIVERO